



RECOMENDACIÓNS E NORMAS DE ORGANIZACIÓN

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2020/21

TELÉFONOS DE CONTACTO

actualizados e notificar o antes posible se houbera algún cambio.

DESCARGA DA APLICACIÓN ABALARMOBIL: trátase dunha aplicación que permite ás familias consultar a información dos seus fillos/as a través do teléfono móbil ou da tablet e manter o contacto entre o profesorado e as familias. A descarga desta aplicación pódese facer dende **Apple store** (se o sistema operativo é IOS) ou dende **Google Play Store** (se o sistema operativo é Android).

MÁXIMA PUNTUALIDADE: o horario de entrada e de saída no centro escolar seguirase rigorosamente, polo tanto, prégase ás familias que tomen as medidas oportunas para cumprilo.

Se algún neno ou nena contrae algunha **ENFERMIDADE CONTAXIOSA NON O TRAIAN** á escola e avisen ao centro o antes posible. É moi importante que **comuniquen a ausencia** dos seus fillos e fillas á titora ou ao centro, así como calquera outro contratempo. Igual de importante é que nos informen dos posibles cambios que se poden dar na saúde e benestar do alumnado: alerxias, intolerancias... **Non se administrarán medicamentos.**

USO DE MÁSCARA: RECOMENDABLE.

ROUPA: o máis **CÓMODA** posible que non limite os seus movementos para que poidan ir ao baño sen necesidade de axuda e favorezan a súa autonomía (moi recomendable o calzado de velcro, chándal...) **EVITAR:** calzado de cordóns, cintos, lazos...


A roupa debe ter unha **CINTA** para que a poidan colgar nos seus percheiros e é moi **IMPORTANTE** que todas as prendas teñan o seu **NOME NA ETIQUETA** para evitar posibles confusións ou perdas. Os días de **PSICOMOTRICIDADE** deberán traer roupa deportiva.

CONTROL DE ESFÍNTERES: non se cambiará aos nenos e nenas que non controlen esfínteres, se procederá polo tanto a **chamar ás familias** para que veñan a cambiarlos.



As **titorías** serán os luns de 16:30 a 17:30 e se realizarán por vía telemática e/ou telefónica, solicitando cita previa á titora mediante a aplicación **ABALARMÓBIL**.


PROFESORADO ESPECIALISTA que acudirá á aula: mestra de apoio de infantil, mestra de Inglés e mestra de Relixión Católica. **HORARIO DE AULA:** ao longo do mes de setembro.

MOCHILA PEQUENA E SEN RODAS.





  **HORA DA MERENDA:** traerán unha botella de auga e a merenda dentro dunha **bolsiña de tela** e tamén un **pequeno pano de tela** que empregarán a modo de mantel individual para apoiar os alimentos. Levarano para casa cada día e terá que ter o seu nome.

 Co fin de fomentar hábitos de **alimentación saudables**, recomendamos que a merenda sexa rica en alimentos naturais e equilibrados (evitando lambetadas, bollería industrial...) e para iso propoñemos o calendario de "O tren das merendas":



 **LUNS: FROITA** (Procurade que a froita veña xa sen pel)

 **MARTES: BOCATA.**



 **MÉRCORES: LÁCTEOS E/OU GALLETAS.**


 **XOVES: FROITA** (Procurade que a froita veña xa sen pel)



 **VENRES: LIBRE.**

  **NON SE CELEBRARÁN FESTAS DE ANIVERSARIOS** dentro da aula **NIN SE REPARTIRÁN INVITACIÓNS** dentro da escola.

  Os nenos e nenas **NON TRAERÁN XOGUETES** da casa.

  **TRANSPORTE ESCOLAR / COMEDOR / SERVIZO DE MADRUGADORES / ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:** consultar as posibles dúbidas co equipo directivo.

 Os nenos e nenas que vaian no **transporte escolar** levarán colgados na mochila unha **tarxeta identificativa** co seu nome e apelidos e o número de liña de autobús correspondente.

  Na **páxina web** do colexio poderedes consultar a información nova que vaia xurdindo ao longo do curso.

 **MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN** 

 **As titoras de 4ºA e 4ºB de Educación Infantil** 

